

TOLOSCONTOSCURTOS

e

SABOROSO SON DOS VERSOS SALGADOS



IES ALEXANDRE BÓVEDA

DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

XUÑO 2020

A teima pola nosa lingua garante o noso futuro como pobo

ÍNDICE

TUDO TEN EXPLICACIÓN de Lara Lorenzo Cisneros	7
OS SOTOS ded Jasmine da Costa Regueiro	9
SON O SEGUINTE de Sara Contreras Fernández	10
SHHHHH de Nerea Pallarés Barca	13
A CASA DA ESQUERDA de María Martínez Célix	14
[SEN TÍTULO] de Carla González Álvarez	17
PERDÍN A INSPIRACIÓN de Nerea Pallarés Barca	18
O NENO QUE SE CHAMA XURXO Iago Comesaña Soliño	19

TOLOSCONTOSCURTOS

1º PREMIO (Bacharelato)

TODO TEN EXPLICACIÓN

Lara Lorenzo Cisneros (2º BAC C)

Lembro que choraba. Non podía parar. Había vermello por todas as partes. Berrei. Que acababa de facer? O vermello era sangue. Berrei máis alto. Tentei berrar de novo, porén, as bágoas non me deixaron. Miña nai veu correndo, mais eu seguía berrando. Non a vin, non podía ver nada. Máis vermello, máis sangue que me cegaba.

O meu tío, deitado no chan, morto. Non había tanto sangue coma me parecía a min. Habíao, si, mais só no seu peito, atravesado por un coitelo. Ollei as miñas mans, de alí saía o sangue. Mirei ao redor, non había ninguén. Non entendía nada, mais quedou claro que fora eu quen o asasinara. Berrei de novo.

- Xavi, esperta! – zarandéoume miña nai.

Espertei. O pesadelo rematara. Mamá apertoume con forza coma outras veces. Sempre estaba alí para min, incluso ás catro da mañá. Sempre me calmaba cando tiña este tipo de soños. Pasábanme moi a miúdo, e sempre eran co meu tío.

Mamá e mais eu nunca entendiamos o motivo daqueles soños. Mellor dito, mamá non entendía o motivo e eu non quería decatarme. Porén, eu levaba sabendo a razón dous anos.

Hai dous anos, cando tiña tan só catro anos pasou algo. Eu estaba no meu cuarto. Era de noite, aproximadamente as dez e media. Dende a miña fiestra podía ver todo o que pasaba fóra, no cortello. Miña irmá Xiana, daquela tiña doce anos e meus pais deixábana saír até as once. Era unha desas noites despexadas e o ceo estaba estrelado. Xiana combinara coas amigas para ir á verbena. Deberon pasalo ben, e beber algo de máis, pois vin chegar a Xiana contenta e bailando coma unha tola. Estaba fermosa, coma sempre.

Porén, cando estaba no camiño de madeira que leva até a entrada da nosa casa, atopouse co tío. Eu non sei por que non estaba durmido, mais non o estaba e puíden velo todo. Xiana e el estaban a falar alegremente até que o tío a colleu pola cintura dun xeito bastante agresivo. Miña irmá tentou soltarse, porén, el non a deixou. Vin

como marcharon cara ao cortello e como ela opoñía resistencia, como el apalpoulle o cu, a labazada inútil que ela lle deu e como entraron rapidamente no cubil. Non sei se ouvín berros ou se a imaxinación nos colocara na cabeza co tempo.

Nunca comprendín por que non lle dixen nada a meus pais, que estaban no cuarto do lado. Supoño que foi porque non era consciente e, sobre todo, porque non me esperaba o final. Minutos máis tarde, meu tío saíu; miña irmá non. Non parecía tranquilo, mais tampouco estaba alterado. Vin como se dirixiu cara á nosa porta e escoitei o son da campañña. Deume medo saír á entrada, ademais eu debía estar durmindo. Non obstante, escoitei tras a porta a conversa. Lembro a meu tío dicindo que atopara a Xiana no cortello cunha soga atada ao pescozo. Lembro o grito da miña nai e os choros de meu pai. Lembro a meu tío sorbendo bágoas de crocodilo. Lémbrome a min lagrimexando só e comprendendo a clase de persoa que era o tío. Lembro o funeral de Xiana e a familia enteira vestida de negro. Lembro todas as conversas de meus pais tratando de entender o suicidio da miña irmá, culpándose unha e outra vez de deixala saír aquela noite.

Porén, eu era a única persoa que sabía a verdade. Xiana non se suicidara. E era por esa razón pola que eu soñaba asasinando o tío, porque ás veces nos soños podes facer cousas que na realidade non es quen de facer.

TOLOSCONTOSCURTOS

2º PREMIO (Bacharelato)

OS SOTOS

Jasmine da Costa Regueiro (1º BAC E)

Entrada do caderno secreto do detective privado Thomas West nos anos corenta:

Comezaba o outono de 1947. A coñecida cidade de Righfort, capital de Luxe, chea de luxos, prestixios e segredos, era o centro de atención de moitos millonarios excéntricos, onde todos mantiñan o seu espazo privado. Os chismes eran benvidos polas esposas aburridas, e as drogas e os antecedentes penais ían da man dos fillos consentidos e egocéntricos sen contar cos detectives corruptos, que lle daban máis importancia aos cartos que as súas esposas. Unha cidade onde as nubes son o único que asoma todos os días, e ver un raio de sol, ou, incluso, un pequeno anaco de ceo é máis complicado que ver un ladrón. Moita xente soñaba con vivir nesta cidade, pero é tanta a demanda que, para vivir neste lugar, tes que ter cartos a esgalla.

Porén, mesmo unha cidade como Righfort tiña a súa parte escura, unha parte chea de loitas clandestinas e prostitutas á volta da esquina, co ar cargado de fume de tabaco, e onde non se podía dar un paso sen que os zapatos se pegasen no chan por estar cheo de substancias pegañosas. Unha parte onde todos tiñan unha arma para se defender e, a partir das 19:00 horas, ninguén decente se atrevía a saír á rúa por medo de acabar cun disparo na cabeza. Esa parte escura era coñecida como os famosos suburbios de Righfort.

O sitio máis coñecido dos suburbios é "Os sotos", un gran bar onde tiñas que baixar unha escaleira e pasar por unha porta de ferro ao entrar. Era unha cámara subterránea esculpida en rocha. Xa antes de abrir a porta cheiraba as xuntas, escoitabas a música de blues do cantante que tiña que crear música aquela noite e esperabas con ansias ver as mesas de cartas que había nese momento, era un antro de pecado e perdición nos barrios baixos. N'Os sotos os combates e trampas prohibíronse, os problemas ficaban fóra, todos coñecían esas regras e ninguén ousaba cuestionalas e/ou incumprilas. Todo se debía ao 'xefe', propietario do coñecido bar; coñecido por todos, cuestionado por ninguén. Non se sabe o seu nome, nin o seu pasado, no entanto, ninguén se atreve a enfrontalo. Moitos mafiosos e cárteles intentaron cazalo para as súas fillas, mais ningún tivo éxito e, por algún motivo, non insistiron. O 'xefe' apareceu unha noite de outono hai seis anos. Nese momento apareceu un cadáver dun xefe da mafia nun barrio de prestixio, e todos fixaron a súa vista no 'xefe'. Porén, el mantivo un perfil baixo a pesar de todo, mercando a propiedade agora coñecida como "Os sotos", e pasando toda a investigación cun vaso

de bourbon na man, sentado ao lume da cheminea e co tic-tac dun reloxo de fondo. Tempo despois descubriron que a culpábel foi a filla da vítima e, por algunha razón, o 'xefe' xa se creara unha reputación nos barrios baixos. Agora, con só vinte e sete anos, non hai ninguén tan parvo que se atreva a se enfrontar a el. O máis raro é que cando se ve ao 'xefe' servindo vasos detrás da barra n' "Os sotos" non esperas que sexa tan perigoso, e é que alí onde se ve, non lle gustan os problemas e protexe o seu bar cando é necesario. O seu 1'77, o seu cabelo castaño revoltado e os seus ollos grises e arteiros son o engano e a condena das persoas que o contemplan, cunha presenza esmagadora e, á vez, soando como unha invitación burlona ao seu club. As mulleres deséxano e os homes envéxano, e ambos os dous o temen e o respectan por igual.

Sempre tomar unha copa sen medo a problemas, ese é o 'xefe', e eses son "Os sotos".

TOLOSCONTOSCURTOS

3º PREMIO (Bacharelato)

SON O SEGUINTE

Sara Contreras Fernández (1º BAC E)

Vivía coa miña familia no campo, un lugar aparentemente libre e seguro, era feliz, eramos felices...

Tiñamos unha vida bastante tranquila, unha rutina predeterminada.

Achergábanse as festas do Samaín. Nas cidades todo o mundo estaba moi ilusionado, os rapaces comezaban a mercar disfraces, os nenos facían decoraban cabazas, os avós e as avoas facían pasteis...

Eu nunca estivera na cidade, xamais vivira aquelas festas, xa que onde eu vivo non se celebran. Sempre soñei con asistir a aquela festa e ser coma os demais nenos e nenas da miña idade. A xente, a comida, probar as cabazas, os disfraces, o ambiente..., todo. Morría por ir e sabía que algún día o conseguiría.

Un día..., como calquera outro, estaba xogando cun amigo. A verdade é que o estabamos pasando moi ben, cando de súpeto ouvín un ruído. Seguí a xogar, facendo como se non ouvisse nada. Non lle dei moita importancia, mais algo fixo que tivese que me deter. Non eran ruídos comúns, eran berros, os berros da miña nai. Uns homes collérona e metérona nun camión.

Mireina aterrecido, mais ela dedicoume unha ollada serena e iso fixo que acougase.

Meu irmán e mais eu, sabiamos que volvería, xa que ela non se despedira de nós.

Nesta situación, uns homes coidáronnos é déronnos comida a esgalla sen deixar de falar entre eles: falaban de que nos ían levar á cidade en tres semanas se engordabamos, xa que nós estabamos bastante delgados.

Eu estaba moi ilusionado, xa que xusto cadraba co Samaín. Alén diso, miña nai estaba na cidade e podería por fin vela e abrazala, porque a botába moitísimo de menos. O meu irmán mais eu esperabamos o camión que trouxese a nosa nai, mais nunca viña, nunca...

Un día..., como calquera outro, eu estaba xogando, esta vez só, cando de súpeto, os mesmos homes que levaron nosa nai, colléronme e metéronme nun camión... Estaba escuro, moi escuro. había máis coma min. Cheiraba a humidade e tamén a medo, porén, sentíame tranquilo, porque estaba seguro de que ía ver miña nai... A viaxe pasou bastante devagar e o condutor era moi brusco.

Ao chegar dividíronnos, poñéndonos unha etiqueta cun número. Eu tiña o número dous. Colléronme e leváronme por distintos corredores. Todo era moi branco, sorprendeume o limpo que se encontraba o lugar.

Puxéronme unha inxección na pel. Vin por un cristal o reflexo dunha sala totalmente branca, como todas elas. Había unha mesa no centro, e enriba da mesa estaba deitado un corpo. Paraliceime. Non me podía mover, nin dicir nada. Estaba petrificado e conxelado polo frío que ía na sala. Quería falar, berrar e expresar o que sentía, mais non podía. Diante de min estaba o corpo da miña nai.. Sí, era... a miña nai...!. O ser máis querido para min... Fiteina aterrado, esperando unha ollada como resposta, unha doce ollada... No entanto, os seus ollos estaban sen expresión, fríos, ausentes....Esperei, esperei a que aqueles ollos, volvesen a ter a dozura e tenrura de antes, máis non era posíbel. Unha bágoa esvarou sobre as miñas meixelas, e nese intre decateime de que nada podía facer xa. A miña nai estaba morta, aínda que moi viva na miña memoria. Empecei a me marear e sentín o frío que me conxelou o corpo por dentro. Sentín un mareo e ganas de vomitar. Todo daba voltas a moita velocidade...

Aparecín no centro dun cuarto, aínda estaba mareado, mais conseguín pórme en pé. Estaba a salvo, por fin, podía respirar. Podía ao fin pensar como saír daquel lugar. Respirei, dolorido...

A tranquilidade desapareceu como a miña vontade de me render.

Achergouse unha sombra. Unha pistola... unha pistola estaba apuntándome.

Olleina, berrei moi forte, afogaba en cada berro e íame mareando, estaba asustadísimo, Por que me queres facer isto? Son coma vós, merezo vivir igual ca ti, igual ca todos. Acaso che fixen algo?, Acaso lle fixen algo tan terriblemente cruel a alguén como para merecer morrer?

Berrei, berrei con todas as miñas forzas.

Non me fagas isto, pensei, son moi novo. Apertou o gatillo. **-POOM**

Deixei de berrar. Os meus berros reducíronse a silencios. O derradeiro ruído foi o do meu corpo ao caer no chan. Aquel xeado chan. Máis tarde os ruídos volvéronse a escoitar, o ciclo repítese constantemente.

Nunca vos dixen quen era..... Son un tenreiro e.... acaban de matar a miña nai.

Posibelmente TI acabas de comer a miña nai e EL acaba de comerme a min.

TOLOSCONTOCURTOS

1º PREMIO (ESO)

SHHHHH

Nerea Pallarés Barca (3 ESO B)

Murmurios fugaces mataban por momentos o sosego e o silencio que albergaba a estancia. Eran gritos afogados que non chegaban a ser nada máis que simples bisbeos. “Non me toques”. Palabras que bombardeaban as pálidas paredes e enchían o baleiro en moreas de ocasións, acompañadas da expresión fría de quen as puña en boca. Noutro lugar, lonxe da realidade, unha mociña por costume riseira e leda estíbese a converter no que sería o resto da súa vida, nunha pantasma.

-Ese sorriso, esconderixo dos sentimentos, feríame cada vez máis. O individuo que estaba ao seu carón golpeábaa de forma perpetua, e por desgraza a dor penetraba cara ao interior do seu ser. Dor que me asfixiaba con cada bala que saía da boca do individuo e me facía esvaecer. Mais a rapaciña, soamente mostraba a dor palidecendo, non lle alcanzaban as palabras. Cando a amarrou polo pescozo, exhalei un último bafo antes de desaparecer para sempre, coa imaxe dunha bágoa esvarando pola face da rapaza. Como doe a morte do amor! Sei que xunto a ela nunca máis volverei a renacer.

Esta escena repetiuse de novo na mente da agora xa anciá, e non sería por vez derradeira. Reflicte lembranzas de difícil esquecemento por repetírense milleiras de veces no pasado, na realidade. Oculta os gritos, a dor e as bágoas dun corazón impenetrábel.

-Nin unha menos -espetou alzando algo máis a voz que aínda ficaba en murmurio.-
XAMAS! -acabou gritando, e o son asolagou toda a estancia impulsado polo eco.

TOLOSCONTOSCURTOS

2º PREMIO (ESO)

A CASA DA ESQUERDA

María Martínez Célix (2º ESO B)

Era un xoves de febreiro e ía entrar na casa da esquerda. Era xa noite pecha e Brais puxérame o reto de entrar na casa. O mito di que quen entra na casa da esquerda fica atrapado e non volve ver a luz xamais. E como eu era moi testana e facía todos os retos que me puñan, tiven os azos de pór as miñas pernas a funcionar .

O corazón latexábame tan forte que pensaba que en calquera momento podería saír pola gorxa, tremíame todo o corpo e a cabeza non paraba de darme voltas pensando que me podería pasar alí dentro...

Estaba camiñando cando tropecei con algo e caín. Pensaba que ía escoitar a gargallada del pola miña caída, mais no canto diso, escoitei caer algo ao chan e vin pola luz que era a súa lanterna, e el non estaba.

O medo apoderouse de min cando de repente escoitei que a porta daquela casa pechar, no entanto, non vin nada e só puiden albiscar unha sombra. Non era unha sombra calquera, era unha sombra grande e no lombo tiña como se fosen picos de xeo que se encontran nos iglús do tamaño dun brazo. A queixada estaba chea de afiados e grandes dentes e co reflexo da luz puiden ver que tiña a marca dunha estrela. Era un “rapinador”! Tiña lido libros de fantasía onde aparecía, mais nunca pensei que iso podería existir.

Saín correndo cara a aquela casa para salvalo e, cando cheguei á porta, parei. Tiña que entrar, mais o ruído que viña de dentro botábame para atrás. Ouvíase como se alguén arrastrase unhas cadeas pola casa moi devagar. Estábame dando a volta para coller algo para me defender cando escoitei un berro dun rapaz suplicando que non lle fixera dano. Era Brais. Non puiden dar nin un paso cando me dei de conta de que alguén puxaba da miña perna. Caín e entrei na casa a rastro. Puiden soltarme e darme a volta para ver quen era. O ser misterioso que puxaba da miña perna era o rapinador, cunha xigante cabeza e dúas bocas cuns dentes afiados que medía uns tres metros. O seu bafo cheiraba a sangue.

Tentei fuxir, mais a perna atascouseme nun cordel. O ser achegábase a min e boteime para atrás até que toquei algo grande e pesado. Era un anaco da parede que caera. Cando o rapinador saltou para atacar, guindeille a pedra aos ollos e emitiu un grave son de dor mentres que eu tentaba romper o cordel e correr.

Sentín que alguén me seguía e escondinme na primeira porta que vin. Entrei e puxen unha cadeira e unha mesa na porta para que non puidese pasar. Deime a volta e vin

que acabara de entrar no dormitorio principal. Era pequeno, cunha cama de matrimonio e edredón negro cheo de rabuñaduras, e cun espello roto, que tiña a marca do golpe no centro e as rachaduras estaban por el. Achegueime a ver por que estaba roto, cando vin un zapato sobresaír de debaixo da cama. Agocheime e levantei o edredón. Vin que debaixo da cama estaba Brais atado de mans e pés cunha fita adhesiva na boca e cunha marca de sangue na cara. Sería unha ferida que se fixera coas gadoupas afiadas do rapinador. Estaba inconsciente. Saqueino de debaixo da cama e tentei espertalo dicindo o seu nome e sacudíndoo .

Como vin que non acordaba quiteille as cordas e a fita, senteino na cama e abrín unha porta onde encontrei o baño. Estaba esnaquizado e con todo ciscado e a bañeira chea de sangue e cachiños pequenos de cristais que, polo que vin, deberían de ser da xanela rota. Abrín a billa e saía auga. Fun coller a Brais que seguía no cuarto deitado e arrastreino até o baño para poder botarlle auga na cara. Espertou arregalando os ollos. Díxome que tiña que saír de alí, que ese monstro me ía coller. Tentei acougalo e pregunteille que sucedera. Cando abriu a boca para responder ouvimos un ruído. O rapinador estaba a tentar entrar no cuarto. Eu xa puxera a cadeira e a mesa para cortarlle paso e deume tempo para prepararme e deixar a Brais pechado no baño para que non lle pasase nada. Cinco minutos despois, a porta caeu ao chan e o rapinador entrou na cuarto.

Nos seus ollos vin a furia e as ganas de me matar. Alancou sobre min e batín contra o espello. Cando me ía atacar, a miña man alcanzou un pequeno anaco de espello e craveillo no estómago. O seu sangue era de cor negra e o seu berro de dor foi enorme. Retrocedeu uns pasos cara a atrás e caeu morto no chan. Saín correndo cara ao baño para buscar a Brais. Estaba tremendo e as súas bágoas non paraban de caer. Abraceino e díxenlle que íamos saír de aquí e que non lle ía pasar nada. Levántamonos do chan e saímos do cuarto. Contoume que unha sombra o collera por atrás. Non viu nada e tentou berrar o meu nome, mais ese bicho tapoulle a boca .

Chegamos a unha porta grande chea de marcas. Estaba pechada con chave e non sabía como podía abri-la. Brais deume a idea de tentar abri-la cunha pinza do cabelo. Collina e vin que a porta abriu. Cun nó no estómago e co medo dentro de Brais, abrimos a porta de todo e o silencio apoderouse da sala. Só se escoitaba o latexo dos nosos corazóns que ían a mil por hora. Eu fun cara á dereita e el foi á esquerda. Eu non vin nada, porén, o berro afogado de Brais díxome que atopara algo. Saín correndo cara a el. Deime a volta un momento e algo pesado deume na cabeza.

Cando espertei, Brais estaba deitado no chan e eu estaba esposada a unha cadeira e alguén estaba mirándonos. O seu cabelo azul estaba despeiteado e a súa cara pálida esbozaba un sorriso que deixaba ao descuberto os seus dentes. Ao ver os seus cairos

decateime de que era un vampiro. A voz desapareceume e non me saía nin unha palabra. O ser achegose a min e díxome que ía morrer.;As esposas caeron ao chan cando o vampiro as tocou. Nese intre deille unha pancada e fun xunta Brais. O ser maldiciume e a súa furia aumentou até que non aguantou máis e colleume da perna para que non alcanzase a Brais que estaba espertando. Gritei o seu nome e púxose en pé para me axudar. Pisoulle a man ao vampiro e puiden pórne en pé. No entanto, non serviu de nada pois o monstro xa estaba enriba de min para me morder. Brais colleu un cadro que atopara e deulle na cabeza ao ser e este caeu inconsciente. Atámolo e saímos correndo desa casa. Cando chegamos á nosa casa prometemos que ningún de nós falaría disto con ninguén, só o saberíamos nós até encontrar a solución para acabar con esa casa.

A día de hoxe, seguimos rompendo a cabeza para acabar co misterio da casa da esquerda.

TOLOSCONTOSCURTOS

3º PREMIO (ESO)

[SEN TÍTULO]

Carla González Álvarez (1º ESO C)

O elfo, tras ser abandonado polas rapazas, volveuse un malvado mago e foi buscando as rapazas. Estivo buscándoas durante dous anos, mais non houbo sorte. Como estaba tan amolado matou toda a xente que vira durante ese dous anos interminábeis. As raparigas, ao escoitaren a terríbel noticia foron a polo elfo. Cando estaban a piques de entrar no seu palacio, unha das rapazas, Berenguela, caeu polo cantil, xa que o elfo agora chamado Prcacha, lles botara un saco de pedras ás dúas rapazas. O saco caeu na cabeza de Berenguela e da outra rapaza. A outra rapaza chamada Güenela estaba tan enfasiada que se encarou co elfo mago Prcacha e o retou a un duelo de espadas. A rapariga tiña un plan. Cando empezaron, a nena finxiu que lle daba un infarto e deitouse no chan para finxir que estaba morta (así, cando o elfo pasase por diante cravaríalle a espada, porén, o plan saíulle mal xa que a espada caeu polo precipicio). O elfo, que era moi cruel, xa sabendo que estaba morta, cravaríalle a espada. No entanto, de repente, apareceu a rapaza que lle caeran dous sacos de pedras na cabeza e fixo un duelo co elfo espectacular, até saían faíscas das espadas cando chocaban. O elfo cravoulle a espada no pé e, para sorpresa de todos, a perna dereita desa rapaza era de metal. Era unha prótese. Tivera un accidente cando naceu e se ficou sen perna. Tivo sorte, xa que os elfos que axudaron a súa nai a parir eran bos doutores e salváronlle a vida, pois había un 99% de probabilidades de que morrese. Ao elfo ficou pampo e a espada como un imán pegada na perna da rapaza. O elfo tirou do peto outra arma, un martelo, e deulle na perna con el. Entón, a outra rapaza chamada Güenela colleu a espada da súa amiga e cravoulla ao elfo e este morreu. A fada madriña de Berenguela soubo o que lle pasou na perna e con maxia creoulle unha perna para sempre.

SABOROSO SON DOS VERSOS SALGADOS

1º PREMIO

PERDÍN A INSPIRACIÓN

Nerea Pallarés Barca (3º ESO B)

No espertar do Sol e as cores
fun buscar a inspiración
e atopei os mil amores
nos muíños do Folón.

Á armada cos versos
e protexida coa ilusión
“pra” estaren en loita inmersos
eu e os guerreiros de armazón.

Unha loita de espadas
co Quixote ao meu carón.
Un poema por pegada
e miradas de admiración.

Non foi ningunha traizón,
só gañei estas palabras
que se tinguen do solpor
e se bañan en cascadas.

Gañei o aire das montañas
e o cheiro a terra labrada!,
gañei pedras desgastadas,
tamén de asombro miradas!

Agora comprendo a Rosalía,
a súa terriña adoraba
e con tristeza abandonaba,
cando por ela devecía!

Como deixar as ruínas!,
non podo matar os recordos
con ánima de asasina
e o corazón ben xordo.

Vítima próxima o acougo sería,
melancolía eu sentiría.

Nos versos non se plasma a beleza,
mais fala o corazón xa morto
que narra con delicadeza
aquilo en que estivera absorto.

Doume conta, da batalla,
ao final saín malferida
pois non chegaron as palabras
“pra” cicatrizar a esta suicida.

SABOROSO SON DOS VERSOS SALGADOS

2º PREMIO

O NENO QUE SE CHAMA XURXO

Iago Comesaña Soliño (2º BAC B)

Xurxo abre os ollos

(nas xanelas non ten contras).

Xurxo acorda cedo

(para seren xustos non ten xanelas).

Xurxo tamén atende

un espaxamento de homes

que uniformados coidan

da saúde e da xente.

Mais Xurxo non é xente.

É xente para os bos,

mais bos fican poucos

e Xurxo non ten nin tele nin leito.

Xurxo non ten teito

e o seu leito non é,

é mudábel, un banco

ou a porta dun mercado.

Xurxo abre os ollos.

As raiolas do amencer

e a azueira da estrada

axúdanlle a se erguer.

IES ALEXANDRE BÓVEDA

VIGO

